



VIH


Proba rápida
no fluído oral

ANÓNIMA



XUNTA DE GALICIA

¿Que é a proba rápida do VIH no fluído oral?



É unha proba que detecta a presenza de anticorpos fronte ao virus da inmunodeficiencia humana (VIH) que é o causante da sida. Esta proba rápida faise cunha mostra de fluído oral.



¿Por que e quen debe facer a proba rápida do VIH no fluído oral?

Un terzo das persoas que están infectadas polo VIH descoñecen que o están e por iso poden evolucionar a formas máis graves da enfermidade e perder a oportunidade de recibir tratamento médico adecuado. O diagnóstico e seguimento médico desde estadios iniciais mellorarían moito o seu prognóstico. Tamén poden transmitir, sen decatarse, o VIH ás súas parellas sexuais. A proba rápida do VIH en fluído oral é importante que se faga para axudar a diagnosticar estas persoas que descoñecen a súa infección.

Deben facer a proba rápida de VIH en fluído oral as persoas que tiveron prácticas de risco para contraer o VIH como poden ser:

- Os homes que teñen sexo con homes (HSH) e que non usaron preservativo.
- As persoas heterosexuais que teñen múltiples parellas sexuais e non usaron preservativo.
- As persoas que exercen a prostitución e os seus clientes se non usaron preservativo.
- As persoas que compartiron xiringas e outros materiais para inxectarse drogas.

A mellor estratexia para protexerse contra a sida, consiste na práctica do sexo seguro mediante a utilización de preservativos nas relacións sexuais anais, vaxinais e buco-xenitais.

¿COMO SE FAI?




1. Recóllese o fluído oral pasando suavemente a espátula do dispositivo de detección polas enxivas.

2. A espátula introdúcese a continuación nun frasco de líquido revelador. Pasados 20 minutos o indicador que se atopa no mango do dispositivo informará se o resultado é reactivo ou non.

3. O indicador consta de dúas liñas (de cor avermellada), unha correspondente ao control do propio dispositivo de medida e outra correspondente ao resultado da mostra do paciente. É moi sinxela de facer e non causa ningunha molestia.

Todos os materiais utilizados son dun só uso e desbotables.




Resultado **non reactivo** da proba:

O indicador da proba mostra unha liña (avermellada) despois de meter a espátula coa mostra do paciente no líquido revelador durante 20 minutos.

Esta liña, correspondente ao control, indica que o dispositivo funciona correctamente. Non obstante, a ausencia da segunda liña, correspondente á mostra do paciente, indica que a proba non detecta anticorpos do VIH na mostra de fluído oral analizada. Neste caso, o resultado non é reactivo, é dicir, que a persoa NON está infectada polo VIH.

Só serán válidos os resultados nos cales pasaron máis de 3 meses entre a última práctica de risco e a realización da proba.





Control

Mostra paciente

Resultado **reactivo** da proba:

O indicador da proba mostra dúas liñas (avermelladas) despois de meter a espátula coa mostra do paciente no líquido revelador durante 20 minutos.

A primeira liña, correspondente ao control, indica que o dispositivo funciona correctamente. A segunda liña, correspondente á mostra do paciente, indica que a proba detecta anticorpos de VIH no fluído oral analizado.

Neste caso o resultado é reactivo, é dicir, que a persoa pode estar infectada polo VIH. Polo tanto, débense realizar probas máis específicas de laboratorio para confirmar ou descartar esta infección.

Mentres non se confirme ou descarte a infección polo VIH reforzase a práctica do sexo seguro, mediante a utilización do preservativo nas relacións sexuais anais, vaginais e buco-xenitais, para evitar reinfectarse ou infectar as parellas sexuais.

Os resultados da proba só son válidos se se realizan pasados tres meses da última práctica de risco.



¿Que é o **período ventá** na infección polo VIH?

É o tempo que pasa desde que unha persoa se infecta polo VIH ata que produce anticorpos fronte a el. Estes anticorpos son os que nos permiten detectar o VIH nesta proba. Polo tanto, pode suceder que a proba non detecte os anticorpos, nunha persoa recentemente infectada, porque aínda non se formaron. Neste caso e debido a este período ventá, o resultado desta proba sería un falso negativo xa que a persoa si que está infectada e ademais pode transmitir a súa infección.

A este espazo de tempo chámase período ventá e pode ser de ata 3 meses. Por esta razón só son definitivos os resultados de probas de VIH nos cales entre a última práctica de risco e a realización da proba transcorreran máis de 3 meses.

Distintivo nos centros colaboradores
en que se pode realizar, de forma anónima,
a proba rápida do VIH no fluído oral



A realización da proba rápida no fluído oral
é anónima e confidencial.

Unha proba rápida reactiva **non é diagnóstica**
e, polo tanto, deberá ser
confirmada por probas de laboratorio.

Recorda que tamén podes facer unha proba diagnóstica
do VIH de laboratorio solicitándolla
ao teu médico de cabeceira.

Podes pedir información sobre o VIH e os lugares onde facer a proba rápida en fluído oral
no teléfono **881 542 960** de luns a venres das 8:00 ás 15:00 horas
ou na web www.sergas.es dentro do Espazo da cidadanía
e premendo no botón Contacte connosco

¿Onde podo informarme para facer
a proba rápida do VIH no fluído oral?

Innovación e Xestión
da Saúde Pública
Información divulgativa

Centros Quérote+

Teléfono **881 997 613**

Praza do Matadoiro, s/n. • Santiago de Compostela

ASOCIACIÓN COLEGA GALICIA

Coordinadora LGBT de Galicia
Teléfono 981 597 765

ASOCIACIÓN FARAXA

Teléfono 622 335 266

CCANVIHAR

Asociación cidadán de loita contra o VIH e a sida
Teléfono 695 557 373

COLECTIVO MOUCHO

Teléfono 698 123 477

COMITÉ CIDADÁN ANTISIDA A CORUÑA (CASCO)

Teléfono 981 144 151
Horario 9,30 a 21,30 horas

COMITÉ CIDADÁN ANTISIDA DE LUGO

Teléfono 610 334 134

COMITÉ CIDADÁN ANTISIDA DE OURENSE

Teléfono 988 233 000

COMITÉ CIDADÁN GALEGO ANTISIDA

Teléfono 981 573 401

LAZOS Pro Solidariedade de Ferrol

Teléfono 698 147 975

ONGD Ecos do Sur

Teléfono 981 150 118



**XUNTA
DE GALICIA**